

PROGRAMA DE ACTOS**DÍA DA CULTURA CHAIREGA****NO XI CABODANO DO PASAMENTO DE MANUEL MARÍA****25 e 26 de setembro de 2015****NA CASA DA CULTURA E NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

PROGRAMA DE ACTOS
DÍA DA CULTURA CHAIREGA
XI CABODANO DO PASAMENTO DE MANUEL MARÍA

VENRES, DÍA 25 DE SETEMBRO
PRESENTACIÓN DO LIBRO-CATÁLOGO
ESCRITOS NA FLORESTA
Arbores senlleiras na cultura chairega
DE RICARDO POLÍN
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA - 20:00 HORAS

SÁBADO, DÍA 26 DE SETEMBRO
REPRESENTACIÓN DA OBRA DE MANUEL MARÍA
"ABRIL DE LUME E FERRO"
A do grupo de teatro de Carral
ASOCIACIÓN CULTURAL "ABRIL DE LUME E FERRO"
NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA - 20:00 HORAS

Xa pasaron dez anos dende aquel primeiro cabodano de **Manuel María**, organizado polo **IESCHA** en setembro de 2005, coa denominación xenérica de **Día da Cultura Chairega**. Dende aquela data, teñen pasado grupos e cantantes tan senlleiros como Milladoiro, A Quenlla, Vichelocrego, Xarín, Buxos Verdes, Uxía ou Os D'Abaixo; proxectado películas coma a do chairego Jorge Coira, "18 Comidas"; realizado recitais poéticos ou dramatizacións de obras de Manuel María; conferencias, mesas redondas, presentacións de libros, etc. Este ano 2015 o IESCHA programa os seguintes actos con entrada totalmente **libre e gratuíta**.

Venres 25 de setembro, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba:

Presentación do libro-catálogo "**ESCRITOS NA FLORESTA-ÁRBORES SENLLEIRAS NA CULTURA CHAIREGA**" de **RICARDO POLÍN**.

Interveñen ademais do autor do libro: **Nieves Vidal**, científica do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia-CSIC; **Adela Figueroa Panisse**, catedrática de Bioloxía e presidenta de ADEGA; **Xosé Manuel Carballo**, escritor, e **Marisa Barreiro**, vicepresidenta de IESCHA, que presentará o acto.

Terá lugar tamén un breve recital poético co título: "**ÁRBORES REVOLTADAS, na lembranza de Manuel**", a cargo de **María Xosé Lamas e Ricardo Polín**. O apartado musical corre a cargo da violonchelista **PAULA RANCAÑO**.

Sábado 26 de setembro, ás 20:00 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba:

Representación teatral a cargo do grupo de teatro da **Asociación Teatral e Cultural "Abril de Lume e Ferro"** de Carral (A CORUÑA) que porá en escea a obra de **MANUEL MARÍA**, "**ABRIL DE LUME E FERRO**".

Nesta obra representáanse os feitos da revolución de 1846 que comezan o 2 de abril dese ano en Lugo co levantamento do coronel Solís e remata o 26 dese mesmo mes co fusilamento dos Mártires en Carral. Na escenificación, que tamén conta con ambientación musical, interprétase tamén un poema de Manuel María, musicado por A Quenlla, e que o grupo incluíu no seu traballo *30 anos con A Quenlla. De Amor, Dor e Loita*.

Agás algúns aspectos nos que se precisa de profesionalidade (tal como a iluminación ou o son), os participantes son xentes de Carral e comarca que dun xeito altruista colaboran na posta en escena da obra. A dirección corre a cargo do profesor **Mario Gallego Rei**, quen tamén se encarga dalgunhas adaptacións precisas para que a obra poida ser realizada nun espazo aberto e a ampliación da obra para darlle cabida á homenaxe do pobo de Carral aos fusilados no 1846.